

CIRCULAR Nº 1  
CURSO ESCOLAR 2020/2021

## INICIO DO CURSO 2020/2021

Estimados pais ou titores:

Ante o inminente inicio do curso, queremos comunicar a todas as familias do centro, que xa temos practicamente finalizado o **“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”** para recibir a todo o alumnado respectando as medidas recomendadas polas autoridades educativas e sanitarias.

**Nos próximos días recibirán a través de AbalarMóvil e a páxina web do centro varias convocatorias de reunións, que queremos manter coas familias para informalas destas medidas antes do inicio das clases.**

Estamos a traballar para poder dar por finalizados estes preparativos, salvando todas as dificultades que estamos atopando, sobre todo de falta de suficientes medios e de persoal, pero a realidade é que as condicións son similares en todos os centros de Pontevedra e cremos que, a pesar de todo, é necesario nestes momentos contar con toda a nosa comunidade educativa: familias, profesorado, persoal non docente... para facer que a volta ao centro e a actividade presencial sexan unha realidade que todos ansiamos e que os nosos nenos e nenas necesitan.

Polo de agora, e nestes derradeiros días de agosto e nos primeiros días de setembro, seguiremos perfilando o **“PLAN DE ADAPTACIÓN”** ao abeiro das novas normas que se vaian publicando, como por exemplo, a Orde do 28 de agosto de 2020 da Consellería de Sanidade, pola que se establecen algunhas modificacións das medidas publicadas ata agora.

Pensen que a situación é cambiante día a día e que polo tanto as medidas a tomar deben ser flexibles adaptándose ás situacións que se vaian xerando, dependendo da evolución da pandemia, e as normas e protocolos que se vaian publicando polas autoridades.

Reciban un cordial saúdo.

O Equipo Directivo